

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2014/07

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 22 de maio de 2014.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e quince minutos do día **22 de maio de 2014** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

Dona Mari Luz Alvarez Lastra
Dª Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
Dª Maria Teresa González Piñeiroa.
D. Vicente Castro Reigosa
D.Xavier Campos López.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
Dª Azucena González Loreda.
Dª Maria del Campo López-Braña Freije
D. José Manuel Yañez Dablanca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Secretario Xeral:

D. José A.Carro Asorey

Interventor:

D. Luis Vázquez Parga

Tecnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2014.01.20.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 20 DE MARZO EXTRARDINARIA E URXENTE, 25 DE MARZO DE 2014 (ORDINARIA), EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 22 DE ABRIL DE 2014 E EXTRAORDINARIA DE 26 DE ABRIL DE 2014.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2014.02.21.- EXPEDIENTE PARA ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Por Secretaría a instancia do Sr.Alcalde dase conta de que por parte das empresas ANLLAR CONSTRUCCIONES S e MANTENIMIENTO DE ESTACIONES SL, se presentou a documentación requirida polo Pleno do Concello no expediente da referencia e que se considera, unha vez examinada, conforme co prescrito no Prego de Cláusulas Administrativas que serviron de base para esta licitación polo que procede a adxudicación, formalización de contrato, replantexamento e demais trámites subseguintes.

Obra no expediente a Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“Visto anterior acordo plenario, de data 22 de abril de 2014, relativo ao expediente seguido para contratación das obras de construción do Centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, no que se acordou:

“1º.- Prestar aprobación á proposta formulada pola Mesa de contratación nos termos da mesma transcritos anteriormente.

2. -Requerir á ANLLAR CONSTRUCCIONES S e MANTENIMIENTO DE ESTACIONES SL, por ser o licitador que presenta a oferta máis vantaxosa para que no prazo de cinco días hábiles, presente a documentación a que se refire a cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas.

3.-Notificar este acordo á empresa excluída OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.”

Visto que dentro do prazo regulamentario outorgado ás empresas ANLLAR CONSTRUCCIONES S e MANTENIMIENTO DE ESTACIONES SL, que constitúen a UTE se presentou a documentación requirida que se considera, unha vez examinada, conforme co prescrito no Prego de Cláusulas Administrativas que serviron de base para esta licitación,

Esta Alcaldía,PROPON ao Pleno municipal que previo ditame da Comisión informtiva adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Que se lle adxudique á UTE Anllar Construcciones SL/Mantenimientos de Estaciones S.L. o contrato de obras consistente en Construcción do Centro de Atención a maiores de Ribadeo, de referencia nas condicións da súa oferta, e de acordo co disposto no Prego de Cláusulas Económico-Administrativas que rexiron a licitación, no proxecto técnico das obras e na lexislación de aplicación.

SEGUNDO. A realización dos trámites subseguintes que procedan legalmente para a formalización do contrato e demais extremos así como a notificacións aos licitadores que non resultaron adxudicatarios autorizándose igualmente a devolución da garantía provisional prestada por eles.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

A Comisión Informativa, por cinco votos a favor (catro dos membros do BNG e un do concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal Popular) acorda ditaminar favorablemente a anterior Proposta.”

Intervén D.Eduardo Gutiérrez Fernández do Grupo Municipal mixto, concelleiro do PSG-PSOE indicando que o seu voto xa foi a favor na comisión e que agora tamén é a favor.

Continúa D. Agustín Reimondez Gancedo concelleiro de UPRI tamén no Grupo mixto, indicando que él xa se pronunciou e que está tamén de acordó en votar a favor.

D. Manuel Valín Valdés do Grupo Municipal do PP di que en consecuencia co que se leva falado do tema, para eles é unha alegría enorme que a residencia comece a tomar forma, pero que mantendo a postura que mantiveron como grupo, se van abster e que non quere decir que estén en contra xa que queren que a residencia se faga e que se siga loitando para que a consellería tamén aporte o seu compromiso. Repite que o seu voto é de abstención, pero con alegría de que vaia ser unha realidade.

O Sr. Alcalde di que pola súa parte comparten tamén todas as alegrías e que a partir de hoxe se vai abrir un prazo, que non recorda moi ben, pero que lle parece que son 15 días. Revisa as anotacións e dí que son 10 días para asinar o contrato e unha vez asinado o contrato unhas días máis para asinar a acta de replanteo da obra, 10 ou 15 tamén, e que polo tanto a final de ano teñen que ter xustificado unha parte moi grande dese convenio asinado coa Deputación e queren que todo vaia ben.

A Corporación, por nove votos a favor (sete dos membros do Grupo d BNG, un do conceleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto e outro do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e catro abstencións (dos membros do Grupo Municipal Popular), acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar á UTE Anllar Construcciones SL/Mantenimientos de Estaciones S.L. o contrato de obras consistente en Construcción do Centro de Atención a maiores de Ribadeo, de referencia, nas condicións da súa oferta, e de acordo co disposto no Prego de Cláusulas Económico-Administrativas que rexiron a licitación, no proxecto técnico das obras e na lexislación de aplicación, por importe de 1.788.522,86 euros mais 77.632,05 euros de IVE así como as melloras seguintes por un importe de 471.564,25 euros.(1.Obras de albanelería por 32.274,97 euros; 2.equipamento cociña por 32.111,63 euros; 3.equipamento edificio por 37.391,60 euros; 4. Instalacións interiores por 15.667,11 euros; 5. Uinstalación exterior por 33.810,18 euros; 6.albanelería exterior:peches, por 24.527,45 euros; 7.albanelería exterior muro frontal por 24.698,97 euros;8. albanelería exterior e baixo cuberta por 26.302,12 euros.; 9. Urbanización xardíns por 38.869,17 euros;10. Urbanización movemento de terras por 38.593,20 euros; 11.urbanización instalacións por 23.748,18 euros;12. Urbanización pavimentación por 38.366,66 euros; 13.urbanización instalación eléctrica por 35.707,96 euros;14. melloras materiais 1, por 34.964,70 euros e 15. melloras materiais 2 por 36.530,35 euros.

SEGUNDO. Que se dispoña o gasto con cargo á aplicación correspondente do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Que se lles notifique a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e que se autorice a devolución da garantía provisional prestada por eles.

CUARTO. Que se lle notifique a UTE Anllar Construcciones SL/Mantenimientos de Estaciones S.L, adxudicatario do contrato, esta resolución debendo procederse a sinatura do contrato no prazo de quince días a contar dende a recepción da resolución tal como dispón a cláusula 13ª do Prego de cláusulas administrativas.

QUINTO. Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo Concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde ou director facultativo das obras e a súa comunicación á autoridade laboral. Despois de realizar este trámite, procederase á sinatura da acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

SEXTO. Que se publique a formalización do contrato de obras de referencia no perfil do contratante e *que se publique un anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo no prazo de corenta e oito días contados desde a data desta resolución.*

SÉTIMO. Que se lle comuniquen os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

OITAVO. Que se lle remita ao *[Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma]* unha copia certificada do documento en que se formalizase o contrato, xunto cun extracto do expediente de que derive, sempre que a contía do contrato exceda os 600.000 euros. Todo isto, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.

2014.03.22.-ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS E ASEOS DE AS CATEDRAIS.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

3.- ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS E ASEOS DE AS CATEDRAIS.

Dase conta da proposta da Alcaldía que obra no expediente:

“Por esta Alcaldía sométese a estudo da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas o establecemento da ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE USO DOS ASEOS PÚBLICOS NA PRAIA DE AS CATEDRAIS, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

A orixe da modificación, como se recolle na providencia de Alcaldía de 24/04/2014 que inicia o expediente, radica no compromiso medioambiental seguido por este Concello, no que o desenvolvemento sostible de As Catedrais cobra unha vital importancia, máis visto que a súa popularidade non fai máis que acrecentarse ano a ano, atraendo cada vez un maior número de visitantes e consecuentemente desbordando a súa capacidade, o que está a ocasionar un importante deterioro neste valioso espazo natural protexido. Claro exemplo disto foi o acontecido recentemente en Semana Santa, cando as aglomeracións tanto de xente como de vehículos superaron considerablemente toda previsión previa, mostrando a problemática ó respecto que se aveciña na próxima época estival.

En base ao anteriormente exposto, como pequeno grao de area de tódalas actuacións que se fan necesarias en As Catedrais para poder mantela e fomentar o seu desenvolvemento sostible, preténdese establecer este prezo público coa idea de contribuír a que os aseos públicos, construídos na praia de As Catedrais a finais do exercicio 2013 co financiamento da Deputación de Lugo, podan prestar un servizo de calidade acorde á importancia da

praia de As Catedrais, permitindo se manteñan nas mellores condicións posibles e limpos ó longo de todo o día, ordenando o seu uso e facendo fronte a tódolos custes derivados do seu mantemento.

A tarifa que se propón, de 0,50 euros, está avalada polos cálculos que se conteñen nos informes elaborados polo técnico de medio ambiente municipal, tendo en conta á súa vez a autorización obtida do Servizo Provincial de Costas en data 04/02/2014 que ampara a posibilidade de realizar este cobramento

Vistos os informes do técnico de medio ambiente de 18/12/2013 e 15/04/2014, de Secretaría de 24/04/2014, e a memoria económica e informe de intervención de 28/04/2014.

Considerando a seguinte normativa aplicable ao caso:

- Os artigos 17 a 19, 41 ao 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Os artigos 24 ao 27 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.
- Os artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar con carácter provisional a ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE USO DOS ASEOS PÚBLICOS NA PRAIA DE AS CATEDRAIS, quedando redactados os artigos da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE USO DOS ASEOS PÚBLICOS DA PRAIA DE AS CATEDRAIS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación cos artigos 41 a 47, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece os prezos públicos pola prestación do servizo de uso dos aseos públicos da praia de As Catedrais de titularidade municipal, cuxas normas reguladoras contéñense na presente Ordenanza.

Artigo 2º. Concepto

O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do servizo municipal en cuestión.

Artigo 3º. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza quen se beneficien dos servizos prestados por este Concello, a que se refiren os artigos anteriores

Artigo 4º. Contúa

A tarifa única que se establece por cada uso das instalacións a que se refire a presente ordenanza ascende a 0,50 euros, IVE engadido no seu caso, por persoa.

Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo.

2. O pagamento do prezo público esixirase mediante autoliquidación, no momento de solicitar a entrada nas instalacións, polo persoal encargado das mesmas, e librarase ao interesado o correspondente xustificante de pagamento.

3. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento, a actividade ou servizo non se preste ou realice, procederase á devolución do importe correspondente, previa solicitude do interesado.

Artigo 6º. Normas xerais

Os usuarios están obrigados a manter en perfecto estado os servizos e instalacións municipais e seguir no seu caso as instrucións do persoal encargado das citadas instalacións.

Artigo 7º. Compromiso do Concello

O Concello de Ribadeo comprométese a manter os servizos en óptimo estado de limpeza.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Expor ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos da Ordenanza, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a publicación”

A Comisión por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial da Ordenanza polo Pleno Municipal.”

Iníciase o turno de debate.

Intervén en primeiro lugar D.Eduardo Gutiérrez Fernández indicando que vai votar a favor. Di que non é normal que haxa lío na dotación de servizos e que hai que regulala como pasa en casi todos os sitios. Aproveita a ocasión para dicir que tamén hai determinados restos nas rúas e que estaría ben facer unha ordenanza a cerca dos “perritos e as perritas”, que non quere discriminar, xa que é imposible ter as rúas limpas, que parece ser que a policía non se dedica a esas labores de inspector porque teñen cousas máis importantes que facer, pois que haberá que poñer un imposto ou o que sexa para cumprir coa lexislación galega que hai na materia.

O Sr. Alcalde cédelle o turno a D. Agustín Reimondez Gancedo de UPRI.

O Sr. Reimóndez Gancedo di que vai votar en contra porque se acaba de dicir que en todas as praias se está cobrando e que él pensa que polo uso dos urinarios en ningunha praia da zona se está cobrando. Dalle a razón ao equipo de goberno en que algo hai que regular, pero que de algunha maneira dende o equipo de goberno se está demonizando a Praia das Catedrais.

Explica que existen críticas continuadas, que as distintas institucións que deberían estar implicadas non o están e que todo o gordo lle ven ao Concello de Ribadeo e deriva nos veciños, que son os que pagan cos seus impostos os gastos.

Di que unha cousa é iso e outra cousa é demonizar ata tal punto nos medios, incluso colgando certos videos de colapsos, que non se colgan os colapsos que hai en verán nos edificios de apartamentos.

Opina que facer esas cousas é contraproducente para o nome da Praia das Catedrais, para o nome do pobo de Ribadeo, para o comercio de Ribadeo e incluso para a hostelería de Ribadeo, que aínda que teñan a culpa de isto as institucións que non se involucran cree que dende o equipo de goberno e a Alcaldía se están a dar bofetadas á Xunta de Galicia, ao Goberno do Estado e incluso á Deputación, que tamén está implicada no entorno da praia de As Catedrais.

Esta ordenanza que se crea parécelle deficitaria. Di que según o informe de intervención vai custar uns 5.000€ porque as previsións que hai por parte da delegación de medio ambiente son as que son e non chegan, e cree que son bastante optimistas.

Engade que posiblemente se cree un problema medioambiental porque moita xente en vez de pagar o vai a facer na cuneta, como se está a facer agora, e é gratis, ou vai esperar a bañarse e facelo na auga.

Explica que o que quere decir é que se as praias que realmente teñen xente, porque As Catedrais ten xente pero se a comparan coa praia de Miño, de A Lanzada ou a de Riazor onde os servizos son gratuítos, que lle gustaría que algún se pasara pola praia de Miño e vexan que hai unha señora nunhos servizos e é gratuítos.

O Sr. Reimondez dí que esta vai ser a primeira praia da zona.

Contesta o Sr. Reimondez decindo que a el naide lle cobrou nunca a vontade, que é gratuítos, que non hai ordenanza nin hai que pagar nada, que non é a vontade, que a el naide lle pideu nada e que el non pagou nada.

Da as gracias polo apoio dos Amigos da Gaita e di que non está de acordo en todo iso polas razóns que expuxo e di que iso non é como en todos, porque ahí non cobra naide, e que as arcas municipais non o van notar. Di que as repercusións negativas que teña ante os demáis, ante o público, ante o país van ser peor que o que se vai recadar.

Opina que sí que hai que facer algo, que posiblemente creando entre todas as institucións as infraestruturas onde facer aparcamentos de verdade e poder cobrar eses aparcamentos e con ese ticket xa se lle dan eses servizos, a información, socorrismo e limpeza de todo iso, pois cree que por ahí sería a cuestión de solucionar o problema que teñen no municipio.

Remata decindo que o seu voto vai a ser que non.

A continuación intervén Dona Azucena González Loreda, do Grupo Municipal do PP, decindo que eles van apoiar esta ordenanza porque concordan en que algo hai que facer e que na parte que lles tocou a eles se buscou a forma de facer algo e opina que 50 céntimos non lle repercuten en nada a niguén.

Explica que aínda que en algunhas cousas estivese de acordo co Sr.Reymondez Gancedo, que non é neste caso, di que é certo que nas praias da Mariña non se cobra en ningunha e insinua que por España adiante se cobra.

O Señor Reymondez Gancedo di que el está a falar de Galicia e que nomeou as praias que nomeou e que ahí non se cobra.

Continúa a Sra. González Loreda decindo que ela cree que As Catedrais nada ten que ver coas praias da Mariña nin coa Lanzada. Di que da igual, que o caso é que algo hai que facer.

En contra do que di o Sr.Reymondez de que lle vai costar 5.000 €ao Concello, di que por outro lado ela pensa que si van aforrar porque con ese diñeiro van contratar persoal para que faga esos servizos, que teñen que facelos igual porque os baños hai que limpalos, co cal lóxicamente non se racada o suficiente para o servizo, porque a administración por outra parte non debe ganar máis do que gasta.

Manifesta que van apoiar a ordenanza e que agora si vai concordar co Sr.Reymondez Gancedo e que quería afearlle a conducta, referíndose ao Sr. Alcalde, no tema do video de youtube, do periódico do outro día de si van orinar 20.000 ou non. Di que si se pon a Praia de As Catedrais nun buscador ogallá apareceran todos os hoteis

de Ribadeo e as mellores empresas de contratación de hoteis, pero que non, que sae o video de youtube do Alcalde onde se queixa da Xunta, onde mostra a horrible sensación do tráfico, da xente na praia, e estas cousas de que saia no periódico os que van orinar ou no, e que non lle parece ben.

Opina que a boa publicidade é moi difícil de acadar, que por sorte a están a ter magnífica, porque a praia o merece non por méritos de ninguén en especial, e pídelle ao Sr. Alcalde que non a afee, que sinte decirillo, pero que aproveitando a ocasión é o que pensa.

O Sr. Alcalde dalle as grazas a todos polas súas palabras e opinións, das que algúnhas comparte co Sr. Reimóndez aínda que vaia votar en contra, e que efectivamente como decía Dona Azucena González Loredo As Catedrais non é unha praia normal nin como a Lanzada nin como ningunha outra praia, nin de Galicia, nin de España nin do mundo. Di que é unha praia singular e diferente.

Explica que a idea que queren levar adiante é cobrar 50 céntimos por usar os servizos, que como xa dixeron é algo experimental e ao mellor resulta un fracaso e ao final do ano so se recadan 300€ por poñer por caso.

Manifesta o seu desexo de que oxalá se cubrise o custo, pero que de outra maneira tiñan que gastar igual porque os servizos para dar unha boa imaxe teñen que estar sistemáticamente limpos, con papel hixiénico, secos e que non haxa ouriños por fora.

Di que é algo moi moi complicado, xa que foron vivindo e suplindo esa situación ao longo dos últimos anos, e que polo tanto se hai unha parte, aínda que do persoal contratado non dea para amortizar todo, se da para cubrir un, pois ben vida sexa.

Expresa que é consciente dende outro punto de vista, e non dende o punto de vista institucional, senon dende a vida privada, que no seu youtube ou na sua web pode colgar un video e pode expresar o que lle dea a gana, pero que en todo caso sabe que hai un límite sensible e que reflexiona sobre o que pon pode axudar ou pode prexudicar.

Pon por exemplo o caso de un matrimonio onde a muller está sendo maltratada e que polo que dirán non debe denunciar, pero igual debe denunciar para que pare o maltrato.

Explica que cando a praia está colapsada, pois está colapsada e que non inventou os coches nin inventou todas esas singularidades que se deron e que está seguro que afortunadamente para Ribadeo este verán se volverán a dar.

Di que todo eso é unha riqueza para Ribadeo, pero que chega un momento en que a riqueza comeza a desagradar cando a xente non ve unha instrución adecuada e que iso dende logo chama a que ten que haber un diálogo con outras administracións, que non o hai, e que eles queren o mellor para a praia, que cousas das que faloron ao mellor se equivocaron ou non, pero que non o fan por mal nin para chincar a niguén.

A continuación cóntalle ao Pleno que ai unhs día veu un programa, que todavía non se emiteu, falando das virtudes da praia, que nel participou el mesmo e outra xente e que para nada dixo cousas malas, se non que falou das virtudes que ten a praia. Di que en youtube haberá cousas das virtudes que ten e tamén cousas de críticas.

Remata decindo que nada máis, que agora irá a exposición pública durante un mes e que cando entre en vigor a ver se da tempo a recadar ou poder amortizar un pouco do custo que está tendo, que este ano seguro que será máis que o anterior e menos que o que ven.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez solíciatlle ao Sr. Alcalde permiso para intervir, e manifesta que que como se fala de que pode ser que haxa persoas que realmente acudan ou fagan as súas necesidades nas cunetas, que vai ser complicado pero que efectivamente pode ocorrer, pero que en termos medioambientais se di que o que contamina paga, entón el entende que pagar 50 céntimos se podemos facer sostible no tempo iso conseguirían algo, e que independentemente cada un pode interpretalo como queira.

Por outra banda di que o nivel de turismo lles esixe limpar 3 veces ao día, que moitas veces se lles recriminaba que non estaban o suficientemente limpos e que deste xento haberá sempre durante 12 horas unha persoa para mantelo limpo, cousa moi importante.

Di que tamén hai outra cousa, a creación de tres postos de traballo, que moitas veces se lles dice que deben facer algo máis pola cración. Cree que lóxicamente a ninguén que veña de fora lle vai pagar eses 50 céntimos e que ao mesmo tempo lles van a solucionar eses tres postos de traballo garantizados que se van a dedicar exclusivamente a iso, independentemente da limpeza que se manteña no entorno.

Explica que hai moitas máis cousas que os podían levar a que realmente se cobre, porque en todos os sitios do mundo se cobra por isto. Cree que non vai pasar nada, que mexar tamén mexaban antes, que non facía falta que foran gratis porque había colas esperpénticas e enton a veces se había moita necesidade o tiñan que facer, as mulleres con un pouco máis dificultade, xa que os homes mexan en calquer sitio, incluso detrais da igrexa, que iso é inevitable e non xustifica que non se cobre.

A Corporación, por doce votos a favor (sete dos membros do Grupo d BNG, un do concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto e catro dos membros do Grupo do PP) e un en contra (do membro de UPRI no Grupo Mixto) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

2014.04.23.-EXPEDIENTE 9/2014 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2014.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía de modificación de créditos do orzamento municipal de 2014 núm. 9/2014 por suplemento de crédito ou crédito extraordinario por importe de 71.192,67 euros.

O Sr.Interventor explica o mesmo e sen producirse deliberación a Comisión Informativa por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial polo Pleno Municipal.”

Comeza o debate D.Eduardo Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE decindo que pola explicación que se deu o outro día e que isto ten que ver co punto seguinte, o recoñecemento extraxudicial de crédito, vai votar a favor de este e do seguinte.

Inervén a continuación D. Agustín Reimondez Gancedo de UPRI, quen indica que tamén vai dar o sentido do seu voto neste asunto e no seguinte xa que máis ou menos é o mesmo. Opina que o problema é que os orzamentos do 2014 non están aprobados, pero que sen entrar en iso, pensa que algo se debería facer, e o sentido do seu voto vai seguir a liña que sigueu durante o 2013 e se vai abster de votar.

Dona Azucena González Loreda, do Grupo Municipal do PP, di que eles nese punto tamén se van abster. Expresa que simplemente quere decir seguen sen orzamento estando a finais de maio, e que se van abster porque os servizos están prestados e teñen que cobrar. Di que despois xa contará unha serie de cousas no recoñecemento extraxudicial, pero que tendo en conta de que levan 9 modificacións de crédito no que vai de 2014, se van abster.

D. Vicente Castro Reigosa, do Grupo Municipal do BNG, intervén decindo que, a modo de explicación, son facturas do 2013, a maioría, que entraron no 2014.

A Corporación, por oito votos a favor (sete dos membros do Grupo d BNG, un do concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e cinco abstencións (catro do Grupo Municipal Popular e unha do membro de UPRI no Grupo Mixto) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

2014.05.24.-RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2014.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía relativa a este recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2014 por importe de 71.192,67 euros.

O Sr. Interventor explica o mesmo e sen producirse deliberación a Comisión Informativa por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto), acorda ditaminar favorablemente este expediente para aprobación inicial polo Pleno Municipal.”

Intervén o Sr. Gutiérrez Fernández indicando que el xa dixo antes que el ía votar a favor, porque independentemente de que non teña aprobado o presuposto, son facturas que quedaron pendentes e que hai que pagar. Di que ben sabe que xa debería estar aprobado, pero que hai que pagar e que el vai votar a favor.

D. Agustín Reimondez Gancedo de UPRI manifesta que él tamén entende que hai que pagalas e recoñecelas, pero que o seu voto vai ser abstención.

A Sra. González Loreda, do Grupo Municipal do PP di que eles van a votar en contra do recoñecemento extraxudicial de crédito, que anticipa o sentido do voto, baseándose en que non están de acordo co que se lles dixo na comisión, que hai facturas do 2013 que efectivamente chegaron fora de prazo, que hai 40.000 € do terceiro trimestre pero que hai 29.000 € que son de anos anteriores.

Opina que o Sr. Alcalde non lles dí toda a verdade. Di que, de todos xeitos, facendo unha mínima análise, non habería consignación suficiente para abonar estas facturas e que polo cal, o que lles conta de que se estivera ou non o orzamento aprobado non poderían entrar no 2013 porque non había suficiente para pagalas.

Referíndose aos reparos das facturas do Interventor, que é a base do seu voto en contra, di que non ha por donde collelos, que é de vergonza. Di que están fora de cobertura xurídica por falta de expedientes de contratación en regra, como o caso de Urbaser, sen axustarse ao procedemento en casos varios como o mantemento informático e recadación de multas, a desratización, os bonos de viaxes de estudantes, traslado de voluminosos e plásticos de Celtaprix, os parquímetros, a limpeza, e iso só nesas facturas e que lles chegou a eles o reparo de intervención.

Pensa que non se ten en conta para nada o procedemento administrativo nin a Lei de Contratos. Pídelles que teñan claro que non os está a acusar de nada máis que de mala praxis, que non vai máis alá, pero que estando o Alcalde liberado e o Concelleiro de Economía liberado deberían intentar ter os contratos ao día.

Cambiando de tema, dí que xa llo dixo no seu día á Concelleira, fala do tema dos bonos da ludoteca. Manifesta que ese reparo xa está subsanado porque xa se aprobou un regulamento, pero que era unha subvención que se estaba dando, pero que eles non saben como se da, a quen, como se publicitou, quen a pedía nin co que criterio se concedía.

A continuación lee literalmente o que dí o Interventor: “non consta neste caso instrucción de procedemento ningún de concesión de axudas que garanta o respecto aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxetividade e non discriminación”.

Opina que é o mesmo caso que os bonos de viaxes. Di que lle parece moi ben que todas esas cousas, tanto a conciliación como obras sociais, pero que teñen que facer un regulamento, e repite que non os está a acusar máis que de mala práctica.

Referente ao tema da ximnasia, di que se firma o contrato o 13 de xaneiro e a factura é do 30 de decembro. Di que non sabe como a empresa pode facturar en base a “non sei que”, porque non estaba firmado o contrato coa empresa.

Cree que, en resumen, as cousas non se están a facer ben, que supón que isto virá xa de moi atrais e de outros gobernos, que o farían incluso peor. Di que se podían ir arranxando moitas cousas xa que levan un montón de anos gobernando, xa dende o 2003.

Di que nos medios de comunicación se presume de que se está a reducir a débeda e se está a arranxar todo, pero que para ela non son un exemplo a nivel administrativo de nada, e polo tanto van a votar en contra.

Intervén o Concelleiro Delegado de Economía e Facenda D. Vicente Castro Reigosa, e explica que o que dixo é que a maioría das facturas, e non está a falar do importe, son do 30 de decembro. Di que unha cousa é que teñan reparo e outra que non teñan partida presupostaria, que pode que haxa algunha que non teña partida presupostaria, concretamente das antigas, que son 4.

Explica que algunha desas antigas facturas tamén entrou este ano actual ou a mediados do pasado, por exemplo facturas do ano 2010 que entraron en outubro ou setembro e outras que entraron aínda a principios de ano e que son de anos anteriores.

Dona Azucena González dí que non llo discute.

Continúa a deliberación e referente ao orzamento, di o Sr. Castro Reigosa que en moi breve tempo, a 15 días vista estará o orzamento e no seu momento explicarán as razón do seu retraso.

Dona Azucena González dille que ela non lle dicuteu que as facturas entrasen tarde, que entende que foi así e se fía del, e que despois lle preguntará por algunhas facturas en concreto, e referíndose a que a factura do 2007 entrara no 2013 pregunta si se fixo un expediente de prescripción.

O Sr. Castro di que el xa fixo mención a esas facturas, que dixo “agás esas dúas”.

A continuación Dona Azucena recrimínalle que sempre que falan diso se esquece dunha cousa que para ela é moi importante para limpar todos os caixóns: o pagado a provedores. Di que naquel momento xa se deberan haber limpado todos os caixóns, que xa lle contou que había moitas de atrás, etc, e que xa o debatiron no seu momento e que cada vez que fala de que xa non hai facturas de atrás e de que se está pagando ao día, pois que algo tería que ver a axuda que lles deu o goberno do Estado para limpar e poñerse ao día.

D. Vicente Castro contéstalle que a débeda que había cando eles entraron, concretamente cando el colleu a delegación de Facenda, sumando provedores e a débeda de bancos pasaba dos 6.000.000 de euros. Di que agora so quedan os bancos, porque provedores xa non quedan, teñen agora menos débeda cos bancos que daquela cando se colleu a delegación, e que todo non o resolveu o plan de pago a provedores, que evidentemente unha gran parte, pero que a maior parte se resolveu por xestión e que se está a pagar ao día.

A Corporación, por oito votos a favor (sete dos membros do Grupo d BNG, un do concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) catro votos en cntra (dos membros do Grupo Municipal Popular) e unha abstención (do membro de UPRI no Grupo Mixto) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

2014.06.25.-LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2013.

Dase conta do expediente epigrafiado relativo á liquidación do orzamento xeral do exercicio 2013, quedand enterada a Corporación do mesmo.

2014.07.26.-ESTUDIO DE DETALLE PRESENTADO PARA AO RESTABLECEMENTO DA ALIÑACIÓN ORIXINAL DO MURO PERIMETRAL DAS FINCAS SITUADAS NA RÚA IBAÑEZ, 29-31 DESTA VILA CO OBXECTO DE COMPLETAR E/OU REAXUSTAR AS ALIÑACIÓNS E RASANTES/ORDENAR OS VOLUMES EDIFICABLES/CONCRETAR AS CONDICIÓN ESTÉTICAS E DE COMPOSICIÓN DA EDIFICACIÓN COMPLEMENTARIAS DO PLANEAMENTO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Expediente instruído a instancia de Ignacio Samper Cimorra e Silvia Erice Calvo-Sotelo relativo ao estudio de detalle para o restablecemento da aliñación orixinal do muro perimetral das fincas situadas na rúa Ibañez, 29-31 de Ribadeo.

Obran no expediente as alegacións formuladas durante a fase de información publica.

Constan tamén informes da oficina técnica desestimatorio das alegacións e outro en sentido desfavorable respecto do estudio de detalle toda vez que a modificación proposta non está permitida nos estudos de detalle que non poderán reducir ou modificar as superficie destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas de acordo con canto dispón a Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Significa tamén que non cumpre coa Lei 8/1995, de 30 de outubro de Patrimonio Cultural de Galicia toda vez que o fin que se persigue que é a modificación da aliñación existente na rúa non se pode autorizar en tanto non se aprobé definitivamente o PEPRICH de Ribadeo.

A Comisión informativa, á vista do actuado e tras deliberación, por catro votos a favor (dos membros do BNG) e tres abstencións (dúas correspondentes aos membros do Grupo Municipal Popular e unha correspondente ao Concelleiro de UPRI dentro do Grupo mixto), acorda ditaminar desfavorablemente o expediente para adopción do acordo procedente, conforme ao informado pola Oficina técnica, polo Pleno municipal.”

Os Servizos Técnicos do Concello de Ribadeo, en base as alegacións formuladas, emite o seguinte

INFORME

Mediante anuncio, fíxose público que D. Ignacio Samper Cimorra, presenta un estudio de detalle para lograr o “Restablecemento da aliñación orixinal do muro perimetral das fincas situadas na rúa Ibañez, 29-31”, e expone ó público o expediente na Secretaria Xeral do Concello por prazo de quince días para que durante o mesmo ás persoas que se consideren afectadas poidan examinalo e presentar no seu caso as alegacións ou observacións que estimen oportunas.

Presentándose en tempo e forma as seguintes alegacións:

- Alegación 1, presentada por Dna. BLANCA MARÍA RODRÍGUEZ DÍAZ e OUTROS, como veciños da rúa Ibañez, que se consideran afectados polas obras que se pretenden realizar, con rexistro de entrada no Concello de Ribadeo nº 13422, de data 12 de decembro de 2.013.

- Alegación 2, presentada pola asociación ATALAIA, con rexistro de entrada no Concello de Ribadeo nº 62, de data 3 de xaneiro de 2.014.

Resumo do contido da alegación 1:

- Manifestan que non entenden que se poida pretender conseguir un terreo de uso e dominio público para darlle un uso privado, terreo que se precisa para facilitar a vida dos veciños da zona xa que o ancho actual posibilita o paso dunha ambulancia ou calquera outro vehículo necesario.

- Presentan fotografías da zona, no que se aprecian os garaxes existentes e o estado actual do muro.

- Presentan croquis a escala onde se indica a superficie que pasara a mans privadas.

- Polo que solicitan que se rechace a petición de incorporar a superficie do que agora é a rúa Ibañez.

Resumo do contido da alegación 2:

- Manifestan que está ben que se melloren as condicións estéticas pero non a costa dun terreo de uso público, no quen pretender minorar a amplitude da rúa, e que o interese xeral debe prevalecer sobre o particular e que o estreitamento proposto dificultará o tránsito de vehículos.

En relación a alegación nº 1, esta Oficina Técnica considera que procede a DESESTIMACIÓN da alegación citada, polos seguintes motivos:

Na alegación faise referencia a que terreos destinados ao uso público, van a pasar a propiedade privada, cando segundo a documentación presentada, estes terreos pertencen o petionario do restablecemento da aliñación.

Respecto da alegación onde se especifica que o ancho actual permite o paso dunha ambulancia, o posible restablecemento da aliñación anterior, non vai interferir neste paso, pois a zona máis estreita prodúcese no ancho actual da vivenda que fai esquina, polo que coa nova aliñación proposta, non se modifica o ancho mínimo existente na rúa (segundo a documentación presentada), que permite o paso de vehículos, aínda que si provocará unha notable dificultade no paso dos mesmos.

En relación a alegación nº 2, esta Oficina Técnica considera que procede a DESESTIMACIÓN da alegación citada, polos seguintes motivos:

Na alegación faise referencia a que se vai minorar a anchura da rúa, e que debe prevalecer o interese xeral ante o particular, e que o estreitamento proposto dificultará o tránsito de vehículos.

Respecto desta alegación, manifestar que o Concello, reconece que o estreitamento proposto dificultará o tránsito de vehículos, aínda que esta zona non reduce o actual ancho de paso que se produce no encontro entre a vivenda actual e o muro existente.

En relación a que debe prevalecer o interese xeral ante o particular, debe ser o plan especial de protección e reforma interior do conxunto histórico de Ribadeo, o que defina e delimite as normas urbanísticas de aplicación para todo o ámbito do BIC do Conxunto Histórico de Ribadeo, en cumprimento do art. 45 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, que establece que coa declaración de conxunto histórico (decreto 266/2004, do 11 de novembro), determina a obriga de redacción do citado planeamento, e polo tanto será este o que diferencie entre o interese xeral e o particular.

Por todo elo, está oficina técnica considera que as dúas alegacións deben ser DESESTIMADAS.”

“O facultativo que suscribe, verificados todos os datos técnicos consignados polo interesado no expediente, examinada a documentación presentada, así como vistas as Ordenanzas Municipais e demais disposicións legais de aplicación, realiza o seguinte

INFORME

Os estudos de detalle son instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento, e como tales se definen na Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no artigo 73 da citada Lei, especificanse as funcións dos estudos de detalle:

1.- En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e especiais poderán redactarse estudos de detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas cos seguintes obxetivos:

a) Completar ou reaxusta-las aliñacións e as rasantes.
b) Ordena-los volumes edificables.
c) Concreta-las condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento.

2.- Os estudos de detalle en ningún caso poderán:

a) Altera-lo destino urbanístico do solo.
b) Incrementa-lo aproveitamento urbanístico.
c) Reducir ou modifica-las superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.
d) Preve-la apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.
e) Aumenta-la ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
f) Parcela-lo solo.
g) Descoñecer ou infrinxi-las demais limitacións que lles imponha o correspondente plan.
h) Establecer novos usos e ordenanzas.

No caso que nos ocupa, tratase do restablecemento dunha aliñación orixinal do muro perimetral de dúas fincas.

Referente os límites que teñen os estudos de detalle, hai que destacar que teñen un carácter complementario ou accesorio, non necesario e en todo caso dependente, do planeamento de rango superior, os estudos de detalle non poderán conter determinacións propias de Plan Xeral.

No que atinxe a modificación das aliñacións establecidas no planeamento superior (PXOU 1977) estas non aparecen definidas nos planos do citado planeamento e o reaxuste que se pretende efectuar co estudio de detalle non pode implicar unha diminución do ancho dos viais previstos no planeamento superior, onde non aparecen definidos.

Ademais destes condicionantes, os estudos de detalle engaden un límite de natureza espacial, ó esixir que estes abranguen como mínimo: “quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas”, é dicir, o ámbito do estudio de detalle non se pode circunscribir xa ó mero tratamento dun único soar enclavado entre edificacións, senón que debe proxectarse sobre o cuarteirón completo.

Por último, hai que destacar que o tratarse dun estudio de detalle sobre unha parcela situada no casco histórico de Ribadeo, é necesario e vinculante ter en conta o que dice a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, no seu artigo 47. Conxuntos histórico. Autorización de obras, no seo apartado primeiro, dice:

1.- En tanto non se aprobe definitivamente a normativa urbanística de protección a que se fai referencia no artigo 45.1 da presente Lei, a concesión de licencias ou a execución das xa outorgadas antes da declaración de conxunto histórico precisará resolución favorable da Consellería de Cultura. Non se admitirán modificacións ñas aliñacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións do volume, parcelacións nin agregacións e, en xeral, cambios que afecten á harmonía do conxunto.

Polo tanto, a vista do definido nas Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, considerase que coa documentación aportada o estudio de detalle presentado non cumpre coa Lei 9/2002 antes citada, debido a que a modificación que se propón, non está permitida nos estudos de detalle (os estudos de detalle en ningún caso poderán, reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas) e que o citado estudio non se refire a quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas, senon soamente a unha única parcela.

Asimesmo, non cumpre coa Lei 8/1995, posto que o fin que persigue a realización do presente estudio, é a modificación da aliñación existente na rúa, circunstancia que non se pode autorizar, en tanto, non se aprobe definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadeo (PEPRICH).

Por todo o exposto anteriormente, informase DESFAVORABLEMENTE o presente estudio de detalle.”

Promóvese deliberación entre os diferentes voceiros.

O Sr. Alcalde explica que é un título rocambolés e novo e que se trata dun asunto do que van a entrar agora en materia. Dalle a palabra ao Sr. Secretario.

O Sr. Secretario indica que se trata dun dictame desfavorable da comisión informativa aceptado por 4 votos a favor e 3 abstencións, votos a favor do Bloque Nacionalista Galego, 2 abstencións do Grupo Popular e 1 de UPRI, dentro do Grupo Mixto, informado negativamente pola Oficina Técnica.

O Sr. Alcalde indica que se trata dun estudo de detalle particular na Rúa Ibáñez que pretende facer, nun muro que está dende fai moitísimos anos, trazar unha suposta liña da rúa máis adiantado, e lóxicamente dende a oficina técnica se indica que non é posible esta figura do estudo de detalle e polo tanto a proposta é non aceptar.

D.Eduardo Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE di que el está de acordó coa proposta, que lle parece ademáis un pouco pintoresca, e que con con ese mesmo procedemento a igrexa podería recuperar o atrio, o que era o atrio que xa non o é. Explica que alí había unha igrexa ata o ano 30 ou po ahí e que co estudo de detalle recupera o que había, porque por parte do Concello se fixeron obras municipais, se asfaltou, ninguén dixo nada e que incluso nas fotos que se aportan figuran dotacións municipais, incluso unha papelera.

Volve a reiterar que lle parece algo pintoresco, di que está de acordo cos dictames dos técnicos e que dende logo rexeita esa solicitude.

Di que tamén hai que mirar o que se vota, se se vota a proposta da alcaldía hai que rexeitalo e que o si significa rexeitala.

Intervén D. Agustín Reimondez Gancedo de UPRI, que manifesta que tamén lle parece pintoresco e que vai votar tamén que si porque a maiores do informe técnico hai tamén dúas alegacións sobre o tema que non foron tidas en conta polo propietario.

Explica que unha alegación era de unha asociación veciñal e outra dun particular e que, polo tanto, a parte de ser algo pintoresco, a inquietude que desperta e o voto desfavorable do técnico, vota que si a esta proposta.

Dona Azucena González Loredo, do Grupo Municipal do PP di que eles se van abster por unha simple razón, en liña primeira como fixeron na comisión e segundo, que é certo que o informe do arquitecto municipal é contundente e claro, pero que todos os informes, en contra do que di o Secretario, pódense rexeitar e pódense alegar outros argumentos como así fan os promotores do estudo de detalle.

Di que o que lles chama un pouco a atención é que o informe de secretaría límtase a recoller o articulado da lei e que non lles dí para nada dende o punto de vista xurídico, e que lle falta apoio para poder aceptar ou rexeitar esta proposta.

Manifesta que eses son os motivos, consideran que a motivación e xustificación que se lles da pecan un pouco de falta dende o punto de vista do informe da secretaría, polo que eles se van abster e deixan a responsabilidade no Secretario e no Alcalde, que son os que teñen que tomar en último termo a decisión.

Intervén o Sr. Secretario decindo que simplemente quere engadir que a posición do técnico é que a aliñación non está predeterminada no plan xeral, e se non está determinada no plan xeral o estudo de detalle non a pode inventar. Explica que sinxelamente é iso, que non se pode facer outra cousa que ir a un informe de tramitación, que non hai máis.

Intervén o Sr. Alcalde di que el cree que en todo caso a posición do voto, vote cada un o que vote, está amparada en dereito e en estado do informe técnico preceptivo.

A Corporación, en votación ordinaria, por nove votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG, do PSG-PSOE e UPRI estes últimos integrantes do Grupo Mixto) e 4 abstencións (dos membros do Grupo municipal Popular), acorda:

1º. Elevar a acordo corporativo os informes do técnico municipal de referencia transcritos anteriormente e de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, e en base aos mesmos denegar o Estudio de detalle de referencia polos motivos expostos.

2º. O traslado o presente acordo ao interesado cos recursos procedentes.

2014.08.27.-CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. MOCIÓNS. ROGOS E PREGUNTAS

Intervén D. Agustín Reymóndez Gancedo de UPRI, manifesta que no que é a folla número 40, na páxina 3 e número de rexistro 267 hai a compra dun sonómetro para a policía de 2.617 € e pregunta se o que tiñan estaba avariado e se realmente lle fai falla un sonómetro á policía.

O Sr. Alcalde responde que si que estaba avariado.

Pregunta o Sr. Reymóndez Gancedo se era de clase un ou de clase dous, e a continuación dille se quere que lle pregunte sobre o sonómetro ou sobre rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde dille que é competencia do Concello o control do ruído, por denuncias, por pubs. Repite que é competencia municipal.

O Sr. Reymóndez di que estes sonómetros non sirven para iso e di que é como se lle deran un oso de peluche á policía.

O Sr. Alcalde manifesta que non entra a discutir con él e que xa está.

D. Agustín Reymóndez di que ese sonómetro non vale para avalar unha denuncia, que ten que vir unha empresa especializada ou a Xunta de Galicia, que iso é como si tiveran un osito de peluche, que a policía igual non ten nin tablas e dásele un sonómetro de casi 3.000 €

Pasa a continuación a preguntar polo decreto número 49, na páxina 1 e indica que soamente quere facer unha pregunta sen acritude. Di que no 447 hai unha asistencia técnica a un concerto de teatro por 907 € e pregunta se é de diferentes días ou se é so de unha obra de teatro.

Resposta a Concelleira de Turismo Sra. Martínez Fernández responde que lle tería que mirar a factura, que pode ser un concertó que houbo e a asistencia técnica que se precisa para poder facer ese concertó.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta polo número 59 e di que hai unha denuncia de un veciño porque rompeu un pantalón ao pisar nunha plaqueta en mal estado nunha rúa e que son catro euros e medio, e foron os danos producidos por unha plaqueta solta. Pregunta se se arranxou a plaqueta.

Indica que isto foi na rúa Clemente Martínez Pasarón, un veciño que reclamou un daño nun pantalón de 4,50 € e di que a súa pregunta é si se arranxou a plaqueta.

O Sr. Alcalde responde que entende que sí, que non forma parte do expediente o arranxo da plaqueta, pero que entende que si.

Refírese o Sr.Reymondez Gancedo ao número 65, páxina 1, rexistro 190, que hai un cálculo de estrutura de formigón para a residencia de terceira idade por importe de 3.409 € e pregunta onde se recoloca esa partida, se eses cartos os pon o Concello e se hai algunha partida especial para iso.

O Sr. Alcalde respóndelle que iso xa se explicou cando se redactou o proxecto da residencia, que se pasou por varias partes que se encargaron e externalizaron, como a parte de estrutura, o proxecto técnico, electricidade, climatización e que pensa que nada máis, e que o resto do proxecto foi redactado pola Oficina Técnica, e que iso é unha separata diso.

Continúa o Sr. Reymóndez falando do número 69, que é referente aos pagos que lle dan aos concelleiros por asistencias a Plenos, e di que hai un informe parcialmente desfavorable de intervención.

O Sr. Alcalde di que con detalle o explicarán o porque non figura ahí.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que lle estrana.

O Sr. Alcalde di que será de algún consello escolar de asistencias que non estaban ou non figuraban nas bases de execución do presuposto, polo que se decidiu pagar e quedaron que para o orzamento que ven se meterían nas bases de execución.

O Sr. Interventor enumera: consellos escolares, asistencia a órganos.

O Sr. Alcalde explica que nas bases de execución non figuran.

O Sr. Reymóndez di que xa sabe que os consellos escolares non figuran.

A continuación refírese ao número 71 da páxina 3 e di que hai un control analítico de verquidos residuais de 441 €

O Sr. Alcalde di que é un control de sanidade alimentaria e verquido analítico de augas residuais. Explica que iso é porque o Concello ten a obriga de facer unhas analíticas periódicas do saneamento do polígono e que o teñen que enviar a Augas de Galicia para ver que os parámetros esteñan ben.

D Agustín Reymóndez pregunta cal saneamento e o Sr. Alcalde acláralle que é o que vai á depuradora.

O Sr. Reymóndez pregunta se están separadas as pluviais das fecais.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez respóndelle que o único que vai ao tanque de tormentas é precisamente os pluviais.

O Sr. Reymóndez Gancedo pregunta que tanque e discúlpase pola súa ignorancia.

Prodúcese unha deliberación intensa sobre este asunto entre o Sr.Reymondez Gancedo e o Concelleiro delegado Sr. Cupeiro Rodríguez.

Intervén o Sr.Alcalde á vista da deliberación e manifestalle ao Sr.Reymondez que están no turno de dación de conta dos Decretos de Alcaldía e non noutro punto e que se deben ceñir a isto que é consciente de se non o permite é un dictador e que se o permite se acaba convertindo nunha feira, que xa o sabe, pero que se non o permite e corta seguro que lle chaman de todo menos guapo, e se o permite é unha feira e ao final acaban convertendoo nunha cousa totalmente diferente.

A continuación indícalle ao Sr. Reymóndez que continúe.

D. Agustín Reymóndez pregunta polo número 82 e di que hai unha licencia municipal a un bazar na Avenida de Galicia nº28, e pregunta se está ben ese número.

Intervén a continuación o Sr. Valín Valdés, do Grupo Municipal PP, quen di que quere comezar e para que non haxa ningunha dúbida dí que o que vai facer é un control dos órganos da corporación, artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nada máis que iso.

Di que é o único xeito que teñen de enterarse de certas cousas que lóxicamente o Goberno se entera porque é o que está ao mando do Concello, e que como é o último en intervir, para ben ou para mal, ás veces lle pisan algunhas das preguntas que quere facer ao respecto dos decretos, pero que intentará ser o máis breve posible.

Referente ao decreto 40, o segundo decreto da páxina 6, que pon asesoramento xurídico en materia de persoal por 1.781, pregunta de que se trata iso.

O Sr. Alcalde explícalle que é o asesoramento xurídico que teñen en materia de negociación de persoal do convenio colectivo e do acordó regulador e do que hai tempo están a intentar compoñer o galimatías que hai dende hai moitos anos.

O Sr. Valín Valdés pregunta se é unha consultora que contrata o Concello para asesorar.

O Sr. Alcalde contéstalle que si.

O Sr. Valín Valdés pasa a referirse ao número 42, na páxina 3 e di que hai unha rede do pavillón polideportivo municipal, e pregunta se é unha rede de portería ou que tipo de rede é.

D. Vicente Castro Reigosa, Concelleiro de deportes pregunta o importe e o Sr. Valín dí que é moi pouca cousa, 346 €

O Sr. Castro explica que é unha rede que houbo que substituir, porque a UTE, a primeira empresa que levantou o vuelo, deixara unha rede posta envolta nun saco de plástico arriba e que cando se puxeron a extendela non cubría practicamente a metade, polo que houbo que substituíla e poñer outra igual.

O Sr. Valín pregunta se é a rede de separación da pista.

O Sr. Castro Reigosa contéstalle que é a rede de fondo da pista e que como non cubría houbo que substituíla, pero que a que había se aproveitará para outra cousa.

O Sr. Valín Valdés continúa referíndose ao numero 42. Di que hai dous decretos, este e outro posterior, de reparación de máquinas por Ordoñez Material de Oficina, que concretamente pon unha impresora por 217 € e dí se non sería mellor comprar unha impresora nova.

O Sr. Alcalde di que é unha impresora láser.

D. Manuel Valín pregunta canto vale unha impresora láser.

O Sr. Alcalde responde que non o sabe, que as haberá por 100 €e que as haberá tamén por 2.000.

O Sr. Valín di que seguro que as do Concello son de 2.000.

O Sr. Alcalde explica que debe ser a da oficina técnica, desas que imprimen en A3 e son en cor, e que non sabe que lle pasou.

O Sr. Valín Valdés pasa a referirse ao número 65. Di que é reiterar unha pregunta que fixo o representante da UPRI, que na primeira páxina, no 65 primeiro, fala do cálculo da estrutura de formigón e que o que pasa a factura é Jorge González de Pereiras.

Explica que foi verdade que se lles dixo en algunha ocasión que o proxecto o facían os Técnicos Municipais e que externalizaban unha parte, e pregunta como se externalizou, si se colleu a unha persoa e se lle dixo “fai isto”. Pon de exemplo se ao Aparellador de Mondoñedo se lle encarga isto porque o cree convinte o Arquitecto Municipal e díceselle “pum” fai isto e xa está, ou se hai algún procedemento.

Insiste que se no proxecto que redactou o Arquitecto Municipal de Ribadeo pon que o faga o Aparellador Municipal de Mondoñedo, Jorge Gonzalez Rondas tal, si se lle di “fai-me ti esta parte porque me interesa” ou hai algún procedemento para adxudicar esa forma.

O Sr. Alcalde di que non llo pode decir porque non recorda como foi para chegar ata esa persoa, pero que está dentro das competencias de contratos menores.

Pregunta o Sr. Valín Valdés se está a decidir que entón foi a dedo.

O Sr. Alcalde explica que cando é un contrato menor é así.

O Sr. Valín pregunta se iso o fai a Alcaldía ou o fai o Arquitecto Municipal.

O Sr. Alcalde di que el non coñece a ese Jorge e que non o sabe.

O Sr. Valín di que el traballou en Mondoñedo e que si que sabe quen é.

A continuación refírese ao numero 65, da páxina 5, o 505. Di que pon 96 unidades de balizamento para sinalización e pregunta que é iso.

O Sr. Alcalde dille se iso é en Ramón González, ao lado do pavillón.

D. Vicente Castro explica que son os balizamentos das escaleiras da grada que non figuraban do proxecto.

O Sr. Valín Valdés pregunta que son físicamente, explicándolle o Sr. Castro Reigosa que son unhas sinais con estrelas fluorescentes que sinalas as saídas e que pola normativa actual son obrigatorias.

Intervén o Sr. Alcalde indicando que se pasa ao punto das mocións.

MOCIONS:

1.-DO PSG-PSOE DE 15/05/2014 SOBRE RETIRADA ANTEPROXECTO LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL.

Dase conta da Moción que se transcribe:

MOCIÓN INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEÍ ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL E, ESIXINDO Á XUNTA DE GALICIA QUE DEFENDA OS INTERESES DOS GALEGOS, GARANTINDO O MANTEMENTO DOS PARTIDOS XUDICIAIS.

“O pasado 4 abril, o Consello de Ministros presentou o Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial que, entre outras modificacións, supón a supresión da actual planta xudicial. Se este borrador de lei se aproba, suporá a eliminación na futura Lei de Planta e Demarcación de oito dos nove partidos xudiciais eos que conta a Provincia de Lugo.

Esta nova lei que pretende aprobar o Goberno de Rajoy, coa compiicidade de Feijóo, é de facto unha nova barreira que introduce o Partido Popular no acceso á xustiza, menosprezando a Constitución que garante o acceso a este sen/izo público esencial. Esta nova traba súmase ao desmesurado incremento das taxas xudiciais. Parece evidente que unhas taxas prohibitivas para os cidadáns e a alteración da organización xudicial, responden ao obxectivo de impedir que os cidadáns gocen do seu dereito á xustiza.

A reforma impulsada polo Partido Popular non atende a realidade de Galicia en xeral, nin da Provincia de Lugo en particular. A supresión dos partidos xudiciais de Monforte, Sarria, Mondoñedo, Viveiro, Becerreá, Fonsagrada, Chantada e Vilalba é tanto como privar ao 60% dos lucenses dunha xustiza accesible, obrigándoos a desprazarse máis dunha hora da súa residencia, co consecuente incremento do gasto. No caso do Concello de Ribadeo pasamos de estar a 38 quilómetros do Xulgado de Mondoñedo a máis de 95 quilómetros.

A unha cidadanía espallada no territorio debe corresponder unha planta dos servizos públicos que facilite o achegamento dos cidadáns. Os actuais partidos xudiciais venen dando resposta á litixiosidade pero tamén á proximidade. Esquecer esta non mellora aquela, so a cambia de lugar. Pero crea outros problemas como o encarecemento da xustiza, que obriga a desprazar os profesionais da mesma: funcionarios, avogados, procuradores, as entidades auxiliares, os concellos, e sobre todo os cidadáns.

Novamente, o Partido Popular fai distincións entre cidadáns de primeira e de segunda coa máxima arbitrariedade posible, diferenciándoos polo seu lugar de residencia. A loita contra o despoboamento, o abandono do territorio e a sostibilidade do ámbito é incompatible coa supresión dos servizos mínimos. O desprezo do Partido Popular aos lucenses que non residen na capital foi unha constante dende a chegada ao Goberno. A esta reforma da planta xudicial hai que sumarlle a reforma sanitaria, que centralizou a xestión hospitalaria no Huía mediante as áreas integradas.

Esta medida centralizadora forma parte dunha política xudicial fundamente lesiva para os cidadáns. O Goberno do Estado paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas. Está anunciada a modificación dos Rexistros Cívís. Agora propónse a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia.

Polo exposto, e ante o novo ataque aos cidadáns promovido polo Partido Popular, que afasta a xustiza dos lucenses para facela inaccesible, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ribadeo somete, para o seu debate e posterior aprobación, o seguinte:

ACORDO

Manifestar un absoluto rexeitamento do Concello de Ribadeo ao Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Esixir a inmediata retirada ao Goberno Central do Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial, por ser unha unha reforma que atenta contra o acceso á tutela xudicial efectiva dos cidadáns.

Esixir ao Presidente Feijóo que inicie os trámites necesarios para garantir o mantemento do partido xudicial de Mondoñedo.”

Intervén o Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández explica que é o rexeitamento da actitude do Ministerio de Xustiza respecto da nova Lei e da modificación da planta xudicial.

Opina que poucas explicacións fan falta, que xa a situación fai anos respecto de Ribadeo era como era, que foi imposible, iso que se levou a cabo con moitas actuacións, pero imposible a reivindicación do Xulgado de Ribadeo e que agora xa se vai alonxar máis, posto que non só desaparece o de Mondoñedo, se non que desaparecen practicamente todos menos o de Lugo.

Explica que poden argumentar instancias, cernanía aos administrados, etc etc.

Explica que o acordo é, por unha parte, esixir ao Goberno Central retirar o anteproxecto de lei, e pola outra instar ao Presidente da Xunta de Galicia a que realice os trámites oportunos para garantir o mantemento dos partidos xudiciais da provincia de Lugo, no que naturalmente se inclúe o de Mondoñedo, Becerreá, Chantada, Ponferrada... etc.

Intervén o Concelleiro D. Agustín Reymóndez Gancedo de UPRI, que opina que pouco lle queda que decir, que aínda que o seu partido non está presente na Deputación está de acordó con todo iso, sobre todo no tema de non alonxar a xustiza do cidadán e manter os partidos xudiciais. Manifesta que vai a votar que si.

Dona Azucena González Loredo, do Grupo Municipal do PP di que lóxicamente é que acaba de decir Eduardo, cada un pode chegar a mesma meta por distintos camiños. Que o acordo é o que plantexou Eduardo, que foi adoptado pola Deputación por unanimidade dos grupos e que logo cada un pode argumentalo de diferente maneira. Por ese motivo ela pide que se someta á consideración deles a opción dese acordo que saia de ahí o apoio unánime de todos e que logo cada un argumente noutros ámbitos ou donde queiran o porqué é importante, o porqué é esencial para os partidos xudiciais, se se manteñen os que hai e se se pode crear en Ribadeo un novo xulgado tamén.

Di que o Partido Popular vai a ser o primeiro que defenda iso, e logo apoiar ese acordo porque é o acordo de todos os grupos da Deputación Provincial.

Sometida a votación resulta aprobada por unanimidade.

2.-MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.-

“Estando preto os meses de verán e sendo previsible unha grande afluencia de visitantes a Praia de As Catedrais e ao seu entorno, e sendo a estrada do litoral a vía empregada esencialmente para desprazarse pola zona resulta urxente que por parte da Administración competente no mantemento e conservación desta estrada se executen aquelas actuacións que resulten necesarias para dar solución a este problema que supón un grave perigo para os viandantes e tráfico en xeral.

En base o cal sométese a consideración da Corporación a presente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai tres anos, o 30 de agosto de 2011, o Grupo Municipal do PP presentou neste Concello unha Moción na que instaba da Corporación a adopción dunha serie de acordos que entre outros tiñan por finalidade dotar a Praia de As Catedrais e ao seu entorno, Praias de Esteiro, As illas e Os Castras, dunhas infraestruturas viarias axeitadas para dar resposta a crecente afluencia de visitantes e de tránsito viario que soporta esta zona do noso Concello nos meses estivais. Dende entón e aínda sendo constantes as queixas que dende o Goberno Municipal se fan nos medios de comunicación pola desatención que outras Administracións prestan a este problema o certo é que nin a Moción do PP ni outra proposta alternativa para dar solución ao problema foi sometida a consideración de esta Corporación, e aínda que fai unhas meses aprobouse pola Corporación Municipal un acordó instando a Xunta a declaración como parque Natural da zona, o tempo pasa sen que teña coñecemento de que se tiveran feito nin por uns nin por outros máis xestións e actuacións para acadar unha solución ao problema.

As nosas praias constitúen un dos principais alicientes turísticos do Concello e de a Marina, e motivan que a poboación do Concello se triplique en época estival, sendo a praia das Catedrais un referente turístico nacional e internacional que ven soportando centos de visitas diarias que circulan polas estradas de accesos a praia, tránsito viario e peonil ao que hai que engadir as xentes que acceden pola mesma estrada a outras praias coma a de Xuncos, Os Castras, as illas o Esteiro ou mesmo aqueles que empregan a estrada para ir o vir dando un paseo carón a ribeira do mar.

A existencia de infraestruturas viarias de calidade resulta esencial para o desenvolvemento turístico, sendo a vial da costa, de titularidade provincial, unha estrada estreita e obsoleta, incapaz de soportar a enorme afluencia de vehículos que soporta nestas épocas do ano.

As actuacións levadas a cabo nos últimos tempos pola deputación provincial nesta estrada resúmense en aglomerar escasos quilómetros entre a praia de os Castras e a de Reynante no concello de Barreiros, arranxo que non contemplou a execución de beirarrúas ou pasos peonís, conveliéndose nun foco de inseguridade para os usuarios das praias.

É necesario que a administración responsable das estradas leve a cabo as actuacións oportunas que permitan desconxestionar o tráfico que busca acceder e saír das praias, co obxecto de evitar na época estival as aglomeracións e facilitarlle ao visitante o acceso en condicións aos areais, ademáis de garantir a seguridade viaria entre as persoas que pasean no entorno das praias.

A importancia destas actuacións xa se puxeron de manifestó polo goberno provincial do PP no 2007 que deixara proxectadas (con gastos e iniciadas as expropiacións) varias obras na vía do litoral (Barreiros), que permitían a través dun trazado alternativo separar o tráfico das praias. Estas obras, de haber sido continuadas polo actual goberno provincial, converteríanse nunha solución e nunha aposta clara pola costa lucense e tamén pola praia das Catedrais, moi masificada. O goberno popular tamén aprobara o expediente de contratación da obra Ribadeo.- Altar - Reinante- Los Castras.

A realidade é que hoxe en día a actual Deputación Provincial de Lugo non promoveu unha solución nos accesos aos areais a través dunha mellora das estradas da súa titularidade, polo que o Grupo Municipal do Partido Popular proponlle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

ACORDOS

1.- Instar a Deputación Provincial de Lugo a que realice as actuacións necesarias dirixidas a mellorar os accesos as praias do litoral de Ribadeo e de Barreiros 2.- Que o proxecto que promova a Deputación Provincial de Lugo dirixido a garantir unha mellora nos accesos as praias de Ribadeo, sinaladamente da praia de As Catedrais, reúna as condicións requiridas tanto para asegurar o desconxestionamento do tráfico como para salvagardar a seguridade dos peóns, a través da execución de beirarrúas ou ben pasos peonís”

Promovida deliberación sobre a urxencia da mesma intervén a Sra.López-Braña Freije decindo que a urxencia ía explicada e que quería que se lle dera traslado aos compañeiros dos grupos municipais, e que parece ser que non se lles deu traslado.

Explica que o Partido Popular presentou hoxe unha moción na que piden que a corporación do Concello de Ribadeo se dirixa á Deputación provincial para que, declara o verán, que xa está ahí, se adopte algunha medida para mellorar as estradas de acceso á Praia de As Catedrais e ao seu entorno.

Di que están a falar dunha estrada que é de competencia provincial e que é a administración provincial a que ten que tomar unha solución de unha vez.

Explica a urxencia desta moción xustificandoa co que se acaba de ver na Semana Santa, que Ribadeo cada vez ten máis xente e que cada vez é máis difícil darlle saída á cantidade de xente que accede ás praias, tanto para camiñar como para andar en bicicleta e que o que hai ahí é unha arbitrariedade. Di que entenden que hai propostas sobre a mesa que foron debatidas, outras que non foron debatidas, pero que fai falla xa de cara o verán tomar alguna solución en relación a este tema tan importante.

Opina que a estrada das praias é insuficiente e que a Deputación está a tempo nestes momentos de executar actuacións que regulen esas estradas, xa que é a competente en mantemento e conservación. Di que lle da tempo a facer actuacións mínimas que garantan a seguridade, xa non dos vehículos, pero si dos centos de persoas que circulan por ahí paseando, dos centos de bicicletas e incluso da xente que está a traballar as terras.

Repite que iso hai que regulalo e que a única administración que ten competencias nesa estrada é a Deputación provincial, e por iso é a urxencia desa moción.

Iníciase un turno de debate.

En primeiro lugar intervén D.Eduardo Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE decindo que el non coñecía ese texto e que lle parece un pouco precipitado porque non é simplemente tapar unhas baches. Opina que si se trata de unha obra de máis embergadura, de poñer beirarrúas ou facelas accesibles para os peóns ou para as bicicletas.

Explica que é unha obra de certa categoría, que se sitúa nun ámbito moi sensible e que el a tramitaría como unha moción corrente, pero que el dende logo non vai votar a favor da moción. Di que a parte de ser unha zona sensible, cree que tamén teñen que ter un pouco de sensibilidade respecto da Deputación despois das últimas actuacións desta en Ribadeo, sobretudo se a poñemos en contraste coas actuacións de outras administración que non son nada urxentes.

Intervén a continuación o Concelleiro de UPRI Sr. Reymóndez Gancedo que manifesta que el non está metido na Deputación e opina que por urxencia metería un aparcamento para 5.000 coches e llo pediría a Xunta de Galicia, pero que a el o tema da urxencia lle sirve e o problema é facelo, que non é tan fácil.

Explica que a Deputación, aínda que quixera, que non vai querer, este verán non o ía poder facer, que el está de acordo coa urxencia, pero que tamén hai que ser realistas porque estamos rematando maio e é imposible de cara ao verán poder facer unha obra desa emvergadura ampliando aceras e viais.

Aproveita a ocasión para meter baza e di que quería pedir, que xa o pideu varias veces neste pleno, máis de 5 ou 6 veces, que se remate con terra esa rotonda onde hai pedras e cando ven o vento estas acaban na vía e son perigosas para as motos, bicicletas e coches. Di que non sabe se esa petición foi para algún lado, pero que facer non se fixo.

Manifesta que vota que si a urxencia, pero que ve difícil que unha administración se poña a unha obra de esa emvergadura agora.

O Sr. Alcalde dí que el exactamente non sabe que decir no sentido de que ve o encabezado, ve a parte final e non lle da tempo a leer a moción que se presenta efectivamente hoxe por rexitro con urxencia, pero que non sabe se realmente esta moción é un pouco subrealista.

Resúltalle un tanto ambigua porque empeza, e que so lle deu tempo a leer o principio, decindo: “estamos preto dos meses de verán e é previsible que veña moita xente”, e que despois no acordo di: “instar á Deputación a que realice as actuacións necesarias”.

Manifesta que non se determina cales son as actuacións necesarias, pero que di que en todo caso o proxecto que promova a Deputación provincial ten que ir dirixido a unha mellora dos accesos, entre outras, da Praia das Catedrais, que reuna as condicións requeridas tanto para asegurar o desconxestionamento do tráfico (di que non sabe si se pretende desdoblar a carretera) como para salvagardar a seguridade dos peóns a través da execución de beirarrúas ou pasos peonís. Explica que ahí xa concreta, pero que no caso de que iso se pretenderá, pensar que iso se pode facer antes do verán, como non se faga a través da unidade militar de emerxencias non sabe como se poden facer beirarrúas antes do verán.

Di que xa sabe que todos defenden as Catedrais, pero que ahí o Concello fai unhas meses, en setembro de 2013 tomou unha posición, que era demandarlle ás administracións, empezando por quen tiña que exercer esa coordinación, que é a Xunta de Galicia, para declarar toda esa zona parque natural e que mentres eso non se fixera se desenvolvesen os recursos que estaban creados LIC: Lugar de Interese Comunitario e Monumento Natural.

Manifesta que dende aquela a hoxe ningún fixo nada e que parece ser que a rebufo dos videos que tanto molestan cree que o Presidente da Xunta chegou a decir que iso era un descontrol e que facer algo. Di que a día de hoxe non saben nada de si se está a facer algo, pero que no caso de que si esté dubida que sexa para o verán.

Opina que intentar facer algu nun lugar, como dixo Eduardo, tan sensible, porque é un LIC que está pegado á estrada, e entón se alguén quere reformar a estrada ou facer beirarrúas, necesariamente vai ter

que falar ca Comunidade Autónoma, polo que lle parece que é algo que se está parcheando e improvisando circunstancias.

Expresa que eles son os primeiros que queren que se regule, pero que mentres que non se coordinen todos de unha vez nunha mesa ou na mesma Praia de As Catedrais, sen ningún ter que ir a casa de ninguén, porque ao mellor o problema é que ningún quere ir á Xuta, ninguén quere ir á Deputación e ninguén quere ir ao salón de Plenos.

Di que se poderían xuntar todas as administración na Praia na baixamar un día con 10.000 persoas e alí acordar, porque igual resulta que non hai que facer un aparcamento para 10.000 coches, igual hai que facer un para 1.000 e limitar o acceso rodado, igual hai que facer un apeadeiro en Feve para fomentar o transporte público, igual hai que facer un estudo de carga da Praia para que so entren 3.000 persoas ou 2.000 ou 5.000, pero que todo iso ten que ser coordinado.

Opina que por moito que a Deputación faga, porque ten unha titularidade, dende logo eles non o ven nin o lugar nin a forma de entrar así, que dende logo esa non é a solución.

Continúa a deliberación entre o Sr. Alcalde a portavoz do Grupo municipal Popular e os portavoces dos outros Grupos.

O Sr. Alcalde considerando que xa está suficientemente debatida, somete a votación a urxencia da moción.

A Corporación, en votación ordinaria, por oito votos en contra (dos membros dos Grupos do BNG e do PSG-PSOE) e cinco a favor (dos membros do Grupo do PP e do Concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) accorda rexeitar a Moción de referencia.

ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde indica que hai unhas rogos do portavoz do PSOE por unhas inxerencias en Remourelle para ver se se pode amañar a limpeza dunhas cunetas e dunhas pistas, quitar os toxos e que se vote zaborra na pista da Madanela na casa do Zoco, A Granxa, en todo ese treito, e tamén nun treito paralelo a unhas fincas que están ahí no plano de concentración. Tamén pide alquitrantar a pista da escola que vai a Casa Pardeiro.

O Sr. Alcalde manifesta que van a estudar iso e que se é posible, supón, pero que non o veu pero que o treito paralelo ás fincas pensa que debe ser un tramo que une unha pista con outra.

D. Eduardo Gutiérrez aclara que é pública a pista.

O Sr. Alcalde di que lle pasaran iso ao concelleiro de obras para que estude se é posible.

ROGOS E PREGUNTAS DO PSG-PSOE

Intervén o Sr. Gutiérrez Fernández manifesta que el ten un rogo, aínda que xa é reiterado. Explica que todos recibiron periódicamente as Actas da Xunta de Goberno, que xa fixo algunha cuestión sobre isto, pero que a vai volver a facer. Di que durante moito tempo todas as obras menores suxeitas a licencia e que necesitan técnico, tiñan unha frecuencia de determinados técnicos, xa non abundante se non exuberante, pero que a partir de determinado momento por circunstancias, seguramente propias da idade, eso desapareceu pero que resulta que na primeira acta que ve aparece outra persoa que nin ten domicilio ahí e que dende logo debe ser merecedora dun marketing promocional como ninguén.

Manifesta que non fai falla que diga o nome desa persoa pero de 13 obras menores que precisan de técnico municipal, dunha tacada levou 6 , di que ahí se fala moito de promocións pero que dende logo para promocionar a Praia de as Catedrais de outros valores, esa persoa debería presentarse a algún concurso de márketing.

Di que volve a chamar a atención sobre este asunto, que roga que se mire porque se non moito se teme, porque soplan moi malos tempos, que esa persoa e algunha outra vaia acabar no concurso “Los 7 infantes de Lara”, e que non se refire á traducción ou a versión de don Ramón Menéndez Pidal e que tampouco á Vidriería Lara de Lugo, pero que sí a algunha Lara de Lugo.

Di que se podería ilustrar cunha aportación de fotografía de varios compoñentes, 7 ou máis, comendo xamón nunha cafetería da Vila.

Cree que ahí todos son moi bos entendedores e que pensa que dende logo con pararse a distinguir as fotos de obxectos, como di o poema, sábese perfectamente algo que comenta todo o mundo e é de dominio público e que cree que algo hai que facer. Parécelle que foi bastande claro e di que se non o pasa por escrito.

O Sr. Alcalde reconece que sabe por onde vai, aínda que non é claro, porque nunca ninguén lle di encima da mesa nomes, lugares, horas. Repite que entende por onde vai e o que di.

D. Eduardo Gutiérrez di que son resultados.

O Sr. Alcalde dille que moitas veces é moi fácil decir que é un, pero cando un chega ahí o nome non o ve, aínda que ande investigando e que dende logo, e que si que se ten mirado polo miúdo, se tivera algo que decir tamén o diría.

Di que tamén é certo que dende hai pouco tempo o Concello de Ribadeo aprobou unas bases para que todos aqueles profesionais de Ribadeo, que se excluíronos de fora porque as bases foron feitas en Ribadeo coa axuda dos técnicos municipais, para que todos aqueles técnicos que traballen ou vivan en Ribadeo se inscriban se queren e cedan os seus datos públicos de teléfono, nome e correo electrónico para que cando alguna persoa veña ao concello e pregunte quen é o mellor técnico ou a quen debe ir para tal, que se lle dea un listado alfabéticamente posto dos profesionais de Ribadeo ou que traballen en Ribadeo e que o veciño ou cidadán escolla libremente se os estima convinte.

Explica que eses listados están na Secretaría donde habitualmente a xente poida preguntar e en cada un dos tres despachos de oficinas técnicas, donde habitualmente alguén tamén pode preguntar.

Indica que se queren poden pedir mañá as bases e llas darán, que son unhas bases nas que se convidaron aos que lles parecía que traballaban habitualmente sin prexuízo nin de que claquer outro se queira inscribir. Ademais, di que hai un procedemento de renovación periódica, que non recorda se é cada tres ou catro meses, pero que está colgado, que á saída o poden ver, e que son eles os que autorizan a que se poñan os seus datos públicos, xa que se lles explicou para que eran e varios enxeñeiros, apareladores, arquitectos, delineantes e, que non recorda, que hai algunhas categorías que hai máis que autor.

Explica que iso é o que poden facer dende o goberno e no que están traballando, pero que se a el alguén lle di “esto é así” o comproba, pero que llo diga, en vivo ou en diferido, que llo diga ahí ou no despacho abaixo, pero que llo diga, que el chamará ao Secretario para que vaia con el e a ver si do que se di da lugar a algo.

ROGOS E PREGUNTAS DE UPRI.-

Intervén D. Agustín Reymóndez e di que vai a ser breve. Di que quería preguntar como está o tema da concesión do punto limpo porque iso xa caducou e quere saber se hai negociación ou se se vai licitar eso de novo.

Respóndelle o Sr. Alcalde explicando que están no trámite de redacción de bases e de pregos para licitar iso de novo. Manifesta que ten unha enorme complexidade, de tal maneira que dubidan entre que unha consultora lles puidera facer unhas bases para iso ou acudir á Deputación provincial de Lugo.

Explica que as súas dúbidas se deberon á capacidade dun ente privado dedicado a esas cousas ou se ir á Deputación, que é un ente público e gratuíto pero sen especialidade nesas cousas.

Cóntalles que de primeiras acudiron á Deputación e que están nun fase de botarlles unha man na redacción de bases. Reitera que é sumamente complexo, que levan un tempo traballando niso e intentando avanzar.

O Sr. Reymóndez manifesta que el non sabía do tema e que lle agradecería que miraran, se é posible, de poner en marcha o que é a balsa de residuos xa que iso está parado e a empresa que levaba a concesión non está homologada para iso. Explica que con isto quere decir que os veciños de Ribadeo non teñen que acabar en mans privadas e pagando.

A continuación o Sr. Reymóndez pregunta sobre a limpeza nos arredores da Capela da Virxe do Camiño porque hai unha acumulación de lixo e porquería, se se podería limpar. Pregunta se é cuestión da Igrexa ou do propio Concello.

Para rematar, o Sr. Reymóndez pregunta sobre unhas pasos de peóns da Rúa Alfredo Deaño, dende a rotonda hacia os colexios. Di que hai uns pasos de peóns moi xuntos, que o primeiro cruza dende a mesma entrada do aparcamento de camiións e que hai outro paso elevado a poucos metros e di que lle parece que algún deles sobra, porque sobretodo o último está provocando que os coches que entran na rotonda e queren pasar hacia a estación do tren ou hacia os colexios fagan cola na propia rotonda se pasa xente.

Manifesta que non sabe se se explica ben, pero como xa hai outro a 5 metros pediría que o primeiro, que está mal porque está no borde da rotonda e da á entrada dun aparcamento, o eliminasen. Repite que hai outro a poucos metros e que os peóns non van quedar sen servizo.

O Sr. Alcalde respóndelle que van a estudar esa situación.

Volve intervir D. Agustín Reymóndez e di que no polideportivo vello, que non sabe se teñen a competencia do mantemento, pois que se ve estruturalmente por fora con moito óxido e que pediría que o Concello revisase técnicamente e que mantiveran iso mellor.

O Sr. Alcalde contéstalle que sempre tivo un deseño complicado para a climatoloxía de aquí e que adocece de goteiras, humidades, etc. Di que son conscientes e que están en iso.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR.-

A Sra. López-BrañaFreije pregunta se ten constancia o Concello de que se presentara algún contencioso en relación á adxudicación da obra da residencia.

O Sr. Alcalde dille que non.

Pregunta a mesma Concelleira por unha obra que se está a executar nos xardíns da rúa Rafael Fernández Cardoso, en concreto nas terrazas do xardín. e quere partir do feito de que ela é unha persoa que está completamente a favor da hostelería e das terrazas en Ribadeo, que ela permitiría moitas máis, que eliminaría moitos temas burocráticos e máis trabas, pero que hai “un run run” polo concello e que incluso unha asociación de vecinos se fixo eco deste asunto.

Explica que a estética da obra dende fora chama bastante a atención e que quere facer unha serie de preguntas en relación a ese tema. Di que no expediente desta obra a Xunta de Goberno aprobou para o mesmo solicitante concederlle a licenza para unha obra de reparación de tarima en terraza existente destinada a café bar, que conta co informe favorable, que neste caso si informa, xurídico e co informe

favorable tamén do municipal. Repite que é para reparación de tarima existente, pero que logo entre paréntesis se empeza a falar de zanja de formigón armado para a estabilidade do conxunto, zanja con tubos de drenaxe, tarima de madeira, paraventos con cristal de seguridade e colocación de toldos enrollables. Opina que isto é como unha casa.

Di que por outro lado se lle denega a o mesmo solicitante outra licencia para o mesmo sitio pero esta é para instalación de terraza para servizo de bar, que non se explica o que quería ou no pero que se lle denega, que simplemente se di que hai informe xurídico e do arquitecto municipal, este último desfavorable. Manifesta que ela non sabe se é que o xurídico non informou esto ou se informou favorablemente, que ahí non se vai enterar e que non consta.

Di que a primeira pregunta que quere facer é porque se otorgan ou se denegan estas licencias en base á ordenanza T8 de parques e xardíns.

O Sr. Alcalde pregunta a cal licencia se refire.

A Concelleira indícalle que ás dúas, que unha está denegada e outra concedida, pero que en base a esa norma.

O Sr. Alcalde di que da primeira non se acorda. Dille que toda a información está no expediente, pero que unha era practicamente fixa.

Continúa a deliberación sobre este tema e o Sr. Alcalde dilleá Concelleira que formule a pregunta.

A Sra. López-Braña Freije manifesta que a pregunta é se o Concello ten coñecemento de toda a obra e se autoriza esa execución de ese espazo público con elementos fixos, porque unha cousa son instalacións desmontables como poden estar ahí nesa cafetería e outra están a falar de instalacións fixas, ocupación de dominio público e a maiores parques e xardíns, que teñen maior protección. Volve preguntar se o Alcalde autoriza a instalación de elementos fixos ahí e sí que iso é o que quere saber, porque ese informe lle di que si se concede e el aquere saber e que se lles diga ahí no Pleno que en verdade están a cumprir exactamente o que se lles autorizou ou polo contrario está executando unha obra non autorizada.

O Sr. Alcalde contesta que non lle consta que se esté a realizar unha obra non autorizada. Explica que inicialmente o que ese bar solicitou foi unha especie de bar independente practicamente, pechado por arriba, polos laterais e iso, remitíndose ao expediente, vai en contra no ordeamento urbanístico municipal.

Continua explicando que posteriormente solicitaron de outra maneira para facer unha ocupación de solo público que está perfectamente contemplado nas ordenanzas de ocupación de vía pública.

Deliberase sobre este asunto.

Dona Campo López-Braña Freije cambia de tema e pasa a falar de que salía na prensa, que moitos nas suas casas o comprobaron, un problema ca auga. Explica que lendo o que poñía a prensa naquel momento comprobaban o que tema de que en Ribadeo a auga é insabora, incolora e inolora é falso, que había un señor responsable da empresa que decía que efectivamente en Ribadeo a auga tiña color, sabor e ulía, pero que non importaba e que non afectaba moito.

Explica que o que lle chamou a atención en todo ese tempo, incluso polas preocupacións que había entre os vecinos e en xeral, porque estos temas corren de un lado para outro e vanse facendo máis grandes, lle chama a atención non ver a ninguén do concello de Ribadeo salir e decirlle a xente que estén tranquilos que non pasa nada.

Opina que ahí o máximo que teñen é a contestación do responsable da concesión, que non saben nin de que é responsable. Aclara que con isto quere decir que lle falta a responsabilidade do Concello e que salira a explicar que pasou esos días co problema da auga. Di que ahí se fala de que houbo unha alteración e pasaron de 0 a 10, que é o normal, a estar en 300 de turbulencias e que houbo que botarlle produtos químicos.

Pregunta que productos químicos lle botaron, cada canto tempo a empresa encargada do control realiza analíticas e cal é a última que se fixo.

Manifesta que ela cree que se o Concelleiro está tranquilo tamén pode estar ela, pero que pensa que os veciños merecen sempre que o Concello saia e dea aclaracións, porque as empresas, por moi concesionarias que sexan non son quen, nin o veciño ten que dirixirse a ningunha empresa porque é o Concelleiro o que ten que dar a explicación. Di que ela quere unha explicación dese tema se pode ser.

D. Horacio Cupeiro, Concelleiro de Medio Ambiente, contesta que efectivamente eles unha vez que detectan que hai un problema e esas queixas da veciñanza de que a auga ole mal e tal, pois lóxicamente o equipo de goberno se pon en marcha en saber se iso realmente é nocivo para a saúde ou non.

Explica que o que fan é encargarlle á empresa responsable, que xa estaba presentando analíticas, que faga un pouco máis esforzó en facer as analíticas completas máis alá incluso do que lles recomenda a lei. Di que ao mesmo tempo o que fixeron foi chamar a Sanidade para que paralelamente fixera os seus análises, e que os resultados de Sanidade e da empresa foron que a auga era apta para o consumo humano sen ningún tipo de impedimento nin consideración negativa.

Continúa a deliberación sobre este asunto entre a Sra.López-Braña Freije e o Concelleiro Sr.Cupeiro Rodríguez , referíndose tamén as analíticas que se realizan

A mesma Concelleira pregunta por unha tapa de alcantarillado na Rúa San Lázaro que está completamente rota, á altura máis ou menos da casa dos de Mon, na curva. Explica que está completamente rota e pide que se repare.

Pasa a preguntar se é certo o que dixo o Alcalde de que Ribadeo de Tapeo lle custou moitos cartos ao Concello e quere saber canto custou.

O Sr. Alcalde di que non sabe canto foi máis ou menos, que houbo que pagar a aplicación, a web e o xurado.

Delibérase sobre este asunto.

Intervén Dona Azucenal González Loredo e manifesta que so quere facer dúas preguntas en relación coas facturas do recoñecemento extraxudicial de crédito. Fala da famosa factura da USC: estudo sobre a dinámica e sustentabilidade da festa de Ribadeo na USC. Pregunta para que se fixo exactamente ese estudo e donde está ou que se fixo con el.

D. Vicente Castro Reigosa, Concelleiro de Economía e Fanceda, resposta que foi concretamente do Plan de Iniciación Turística e que foi presentado no verán do 2007.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, Concelleiro de Medio Ambiente intervén para dicir que pensa que é un documento moi interesante, que está ahí no seu despacho con un dvd tamén e opina que a xente que non o teña ou non o coñeza pode acceder ao mesmo.

A Concelleira Sra.González Loredo refírese a que nas facturas do recoñecemento extraxudicial hai outra factura dunha cena na que, según dice no resumo, asiste o Alcalde, 2 concelleiros e Pía Bucela Ana Miranda e Nacho Samper.

O Sr. Alcalde di que si é certo que a Directora Xeral de Biodiversidade veu a Ribadeo convidada por unha fundación política pero que non tiña nada que ver institucionalmente, e que como ao día seguinte tiñan unha recepción institucional no Concello pareceulles adecuado convidala a comer para falar de como iban a expoñer a situación institucional.

Intervén a continuación D. José Manueñ Yañez Dablanca, Concelleiro do Grupo Municipal Popular e refírese a que son conceptos relativos a xuventude e a turismo, que van na liña esa, a pensar que soamente houbo un momento de bifurcación, e que con respecto á proposta que fixo o Concello despois

de levar un camiño conxunto, pero que o equipo de Goberno propuxo unha saída, que ata ahí iba todo o camiño xunto. Explica que iso é un rogo repetido, por tanto sería pro-rogo, con respecto ás canastas de baloncesto, xa que na parte de atrais en espazo público había 2 canastas que se eliminaron e non volveron xamais. Di que xa non hai ningunha parte onde se poida disfrutar do uso do balón e do baloncesto, polo que ese é o seu pro-rogo ou petición de sempre.

D Vicente Castro REigosa, Concelleiro de Deportes, manifesta que con respecto a ese rogo xa estaba instruído dende fai tempo e xa se tiña pensado facer, pero que con 3 homes de baixa en obras e as urxencias que veñen de atrais de épocas de ventos. Explica que se van a volver utilizar as canastas que se quitaron e mételas na parte de fondo.

Pregúntase tamén, unha vez máis, por os autocares que acceden á rúa existente entre o Cantón e o parque municipal indicando que hai un sinal pero que non se ten en conta, respostándose pola Alcaldía que se miraráeste asunto.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,